



## INGRESOS

Deputación



### III. INGRESOS

#### III.1. PRINCIPALES CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS. TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA


O orzamento global das catro deputacións provinciais de Galicia para o ano 2018 presenta un lixeiro ascenso interanual, (1,8%), pasando dos 486,6 millóns de € de 2017 aos 495,6 do orzamento de 2018, isto é unha ascenso de 9 millóns. Pola contra houbo un aumento no índice xeral de prezos de consumo en Galicia no último ano (variación do 0,6% de xaneiro 2018 respecto a xaneiro de 2017).

Neste ano 2018 obsérvase un incremento interanual medio de 1,8% con respecto ao ano 2017. Por provincias, a conta da deputación de Lugo presenta unha minoración do -1,7%, mentres que nas tres restantes provincias os incrementos situáronse entre o 1,4% da Coruña e o 4,7% de Ourense.

INGRESOS ORZAMENTOS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

	2017	2018
A Coruña	176.515.000	178.950.000
Lugo	80.428.085	79.041.692
Ourense	77.119.000	80.707.000
Pontevedra	152.510.200	156.872.300
Galicia	486.572.285	495.570.992

No que respecta ao peso relativo de cada un dos orzamentos provinciais respecto do total, o orzamento coruñés segue a ser o de maior importe dos catro, representando o 36% do total, seguido do de Pontevedra, que achega co seu orzamento o 32% ao total das catro deputacións. pola outra banda están os orzamentos das dúas provincias menos poboadas, Lugo e Ourense cuxos orzamentos en 2018 representan o 16% en ambos casos sobre o total das catro.



Se temos en conta a variable poboacional, tomando, como en anos anteriores, os datos do Padrón municipal de habitantes, publicado polo IGE, coa poboación provisional a un de xaneiro de 2018, habería que sinalar en primeiro lugar un descenso de algo máis de 6.000 persoas en Galicia, descenso lixeiramente inferior ao dos últimos anos. Foi nas provincias de Ourense e Lugo nas que máis diminución tivo o dato de poboación provisional, tanto en valor absoluto como en taxa interanual.

A variable poboacional ademais reflicte que en termos per cápita, hai dous grupos claramente diferenciados, os de Lugo e Ourense, por unha banda, que son significativamente superiores á media de Galicia e aos das outras dúas deputacións.

#### Orzamentos deputacións provinciais en termos per cápita

	2017	2018
A Coruña	157,6	159,9
Lugo	241,2	238,6
Ourense	247,5	261,1
Pontevedra	161,8	166,6
Galicia	179,7	183,5

Os importes en termos de euros per cápita referidos á poboación de cada ano presentan incrementos no conxunto e nas provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra ao igual que ocorre co orzamento. O incremento da media de Galicia é de 3,8 euro por habitante máis que en 2017.

Máis adiante, no apartado de evolución de ingresos preséntase a traxectoria dos últimos once anos tanto en valores absolutos como en termos de importes divididos pola poboación de cada ano.

## Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de ingresos

Destácanse aquí, a grandes trazos as variacións de maior importe e relevancia ao comparar o orzamento inicial dos anos 2017 e 2018.


- No orzamento global das catro deputacións provinciais obsérvase que todos os capítulos aumentan respecto do ano anterior, agás dous: os capítulos V Ingresos Patrimoniais e o capítulo VII, de Transferencias de capital.
- Tras varios anos consecutivos de incrementos interanuais, este ano o agregado de **ingresos tributarios** sigue presentando un incremento do 3,5%, xa que pasou dos 100,1 millóns de euros aos 103,6 de 2018. O incremento provoca unha subida de peso porcentual na estrutura de ingresos, aínda que moderada, de tres décimas, chegando a representar a quinta parte do orzamento, o 20,9%.
- O capítulo I **impostos directos** no que se inclúen os recursos esixidos sen contra-prestación cuxo feito imponible esta constituído por negocios, actos ou feitos de natureza xurídica ou económica, que poñan de manifesto a capacidade contributiva do suxeito pasivo, como consecuencia da posesión dun patrimonio ou a obtención de renda, presenta a maior taxa de incremento, pasando dos 38,9 millóns aos 39,8 de 2018, cun incremento interanual porcentual do 2,5%. É o segundo recurso na estrutura de ingresos das catro deputacións (sen ter en conta as transferencias), xa que presenta unha porcentaxe do 8% sobre o total de ingresos.
- Este capítulo comprende a cesión provincial sobre o Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e máis as recargas sobre impostos directos de outros entes locais, Imposto sobre Actividades económicas (IAE) sobre todo.
- No orzamento de 2018 como en anos anteriores móstrase un incremento do capítulo IV: as **transferencias correntes** medran en 5,5 millóns de euros para o total das catro deputacións, que representa un incremento porcentual do 1,4%. Pasan dos 380,6 millóns de 2017 aos 386,1 millóns no 2018. O peso porcentual deste capítulo é o de maior presenza e pasa do 78,2% en 2017 ao 77,9% . É dicir 78 euros de cada 100 dos orzamentos das corporacións provinciais galegas proceden directamente do Estado, sendo o Fondo Complementario de financiamento a achega máis importante en todos os orzamentos. das corporacións locais.
- O **capítulo IV** aumenta nos orzamentos das deputacións provinciais, agás no orzamento da deputación de Lugo, cunha minoración porcentual do 1,1%. Nas outras 3 contas provinciais hai aumentos das transferencias de capital, que oscilan entre o 0,4% de taxa de incremento interanual da Coruña ao 4,5% do orzamento ourensá.
- Mantemento da cifra de Operacións correntes, que con 490,9 millóns de euros representan case a totalidade do orzamento de ingresos, cunha porcentaxe do 99,1% sobre o total. Este agregado soamente diminúe ao comparalo co do ano anterior no orzamento da Deputación de Lugo, reflectindo o resto de orzamentos provinciais incrementos interanuais.

- As **transferencias de capital** experimentan unha lixeira minoración do 1,0%, de 16.718,10 euros; debido á caída deste capítulo na deputación de Lugo.
- O ascenso do importe do agregado de operacións de capital (capítulos VI e VII) produciuse en Ourense e Pontevedra, mentres que en Lugo e Coruña houbo un forte descenso interanual.
- No que respecta ás **operacións financeiras**, ao igual que en anos anteriores, non hai consignación de capítulo IX e produciuse un ascenso do capítulo VIII, de variación de activos financeiros, do 14,3%, e de 301.150 euros.

Por deputacións, es ingresos da de Ourense ascenderon en todos os capítulos agás o de Taxas e Outros (capítulo III) e o capítulo de Ingresos Patrimoniais (Capítulo V), o orzamento lucense presenta maior variabilidade xa que tres capítulos medran e catro diminúen, aínda que a maior diferenza no seu orzamento de 2018 radica nunha forte redución do capítulo VII, de Transferencia de capital, que pasou dos 1,5 millóns en 2017 aos 200 mil euros de 2018, un 86,4% menos, que fai que tamén diminúa de xeito considerable a porcentaxe deste tipo de ingresos de natureza tributaria na súa composición de ingresos, pasando do 1,8% ao 0,3%.

Nos orzamentos da deputación da Coruña, os únicos capítulos que non crecen son o V e o VI, de Ingresos Patrimoniais e Alleamento Investimentos Reais, cunhas taxas de decrecemento do 48,0 % e do 100% respectivamente. O maior incremento corresponde ao capítulo III, de taxas e outros ingresos cun 13,3%, 1,2 millóns de euros .

O orzamento pontevedrés obsérvase que é o único dos catro no que tanto o agregado de ingresos tributarios, como cada un dos tres capítulos que o conforman (impostos directos, indirectos e taxas e outros ingresos) presentan cifras superiores ao orzamento de 2017. As taxas de incremento interanual son do 1,6% para os impostos (capítulos I e II) e do 5,6% para as taxas. Como consecuencia o agregado de ingresos tributarios do orzamento de Pontevedra elévase aos 36,3 millóns de euros, cunha taxa de crecemento do 2,7%. Ademais, cómpre sinalar que é no orzamento pontevedrés no que os ingresos de natureza tributaria teñen o segundo maior peso relativo na estrutura de ingresos, chegando a representar o 23,1% do total de ingresos, tres décimas por debaixo do peso no orzamento da Coruña.



### Principais características da estrutura de ingresos

A composición do orzamento das catro deputacións, presenta as seguintes liñas xe-ras:

- case a totalidade do orzamento son operacións non financeiras,
- son as operacións correntes as que representan a gran maioría dos ingresos, co 99,1% do total
- as operacións de capital e as financeiras soamente representan o 0,5% cada unha



- Case a totalidade, o 99,1% do total dos orzamentos da catro deputacións provinciais de Galicia, 491 millóns de euros, son ingresos de operacións correntes, que comprenden os capítulos do I ao V. Destes ingresos:
  - A partida máis cuantiosa é o capítulo IV, de transferencias e de participación nos tributos estatais, que é o de maior peso porcentual na estrutura de ingresos, co 77,9% do orzamento das catro deputacións e unha cifra de 386 millóns de euros.
  - Os ingresos tributarios, capítulos I, II e III, representan o 20,9% do total, cun importe de 103,6 millóns de euros
  - Os ingresos do capítulo V, patrimoniais, non chegan ao 1% de peso porcentual na estrutura de ingresos das deputacións provinciais galegas.




TOTAL DEPUTACIÓN. ESTRUCTURA DE INGRESOS. Ano 2018		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	IMPORTE	%
<b>Operacións non financeiras</b>	493.163.591	99,5%
Operacións correntes	490.886.371	99,1%
Operacións de capital	2.277.220	0,5%
<b>Operacións financeiras</b>	2.407.401	0,5%
<b>TOTAL</b>	<b>495.570.992</b>	<b>100,0%</b>
<b>Detalle</b>		
Ingresos tributarios (I, II, III)	103.558.424	20,9%
Transf. correntes (IV)	386.082.749	77,9%
Ingresos patrimoniais (V)	1.245.197	0,3%
Operacións de capital (VI, VII)	2.277.220	0,5%
Operacións financeiras (VIII, IX)	2.407.401	0,5%
<b>TOTAL</b>	<b>495.570.992</b>	<b>100,0%</b>

- Soamente o 0,5% son ingresos de capital, cun importe de 2,3 millóns de euros (capítulos VI e VII). Este agregado tivo un aumento de peso relativo na estrutura de 0,1 punto, derivado do incremento do alleamento en investimentos reais.
- Por último, as operacións financeiras representan soamente o 0,5% do total dos recursos, cunha cifra de 2,4 millóns de euros e cun crecemento do 14,3%, na que soamente ten dotación inicial o capítulo VIII de variación de activos financeiros.


TOTAL DEPUTACIÓN ORZAMENTO DE INGRESOS					
CAPITULOS	2017		Increm. % Interanual	2018	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
<b>OPERACIÓN NON FINANCEIRAS</b>					
I. Impostos Directos	38.861.008	8,0%	2,5%	39.816.833	8,0%
II. Impostos Indirectos	35.097.340	7,2%	2,6%	36.022.465	7,3%
III. Taxas e Outros ingresos	26.119.334	5,4%	6,1%	27.719.126	5,6%
<i>Ingresos tributarios</i>	<i>100.077.681</i>	<i>20,6%</i>	<i>3,5%</i>	<i>103.558.424</i>	<i>20,9%</i>
IV. Transferencias Correntes	380.607.957	78,2%	1,4%	386.082.749	77,9%
V. Ingresos Patrimoniais	1.702.058	0,3%	-26,8%	1.245.197	0,3%
<b>Operacións correntes</b>	<b>482.387.696</b>	<b>99,1%</b>	<b>1,8%</b>	<b>490.886.371</b>	<b>99,1%</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	455.900	0,1%	47,3%	671.500	0,1%
VII. Transferencias de Capital	1.622.438	0,3%	-1,0%	1.605.720	0,3%
<b>Operacións de capital</b>	<b>2.078.338</b>	<b>0,4%</b>	<b>9,6%</b>	<b>2.277.220</b>	<b>0,5%</b>
<b>Operacións non financeiras</b>	<b>484.466.034</b>	<b>99,6%</b>	<b>1,8%</b>	<b>493.163.591</b>	<b>99,5%</b>
<b>OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>					
VIII. Variación Activos Financeiros	2.106.251	0,4%	14,3%	2.407.401	0,5%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
<b>Operacións financeiras</b>	<b>2.106.251</b>	<b>0,4%</b>	<b>14,3%</b>	<b>2.407.401</b>	<b>0,5%</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>486.572.285</b>	<b>100%</b>	<b>1,8%</b>	<b>495.570.992</b>	<b>100%</b>

En resumo, son os Ingresos por operacións correntes a principal fonte de recursos dos orzamentos provinciais. O capítulo de **transferencias correntes**, supera as tres cuar-

tas partes do total dos recursos, nas que a principal partida é a transferencia da Administración Xeral do Estado, en concepto de participación nos tributos do Estado, sendo **Fondo complementario de financiamento** a partida máis cuantiosa. En segundo lugar, son os ingresos procedentes dos tributos provinciais e recargo doutros impostos (impostos e taxas e prezos públicos) os que achegan ás arcas provinciais a quinta parte do total de recursos orzamentarios. O que pon de manifesto como o mantemento destas entidades recae cada vez máis sobre a cidadanía.



No que respecta á diferente composición do orzamento de ingresos de cada deputación, a grandes trazos presentan unha estrutura de ingresos moi similar á do conxunto.




O capítulo IV de transferencias correntes, oscila entre o 74,9% do total de ingresos no orzamento provincial de Pontevedra e o 83,6% no de Lugo.

Os ingresos tributarios que son a segunda das fontes de financiamento da facenda provincial, cunha media do 20,9% de porcentaxe do total, varía a súa proporción entre o

23,4% que presentan este tipo de ingresos no orzamento coruñés e o 15,6% no de Lugo, no que como se sinalou anteriormente produciuse xa a cancelación das liquidacións pendentes coa Consellería de Sanidade polo traspaso do antigo hospital provincial á xestión autonómica e a redución da tarifa do servizo de recadación aos Concellos.

Os datos respecto ao total de operacións correntes non presenta case variacións entre uns orzamentos e outros dado a alta porcentaxe que representan nas catro deputacións, sendo a porcentaxe máis baixa a do orzamento pontevedrés, co 98,4% e case o total de ingresos no coruñés.




No que se refire ás operacións de capital, investimentos reais (capítulo VI) e transferencias de capital (capítulo VII) o maior peso porcentual correspóndelle ao orzamento provincial de Ourense, no que estes ingresos se estima que alcancen o 1,1% do total de recursos.

A estrutura de ingresos das corporacións provinciais galegas presentan características similares aos orzamentos do resto de entidades locais. Debido ás diferentes figuras impositivas entre ambos tipos de entidades locais, se poden observar certas diferenzas na composición de ingresos dos orzamentos dos concellos de Galicia para o ano 2018, segundo os datos provisionais obtidos do Ministerio de Hacienda.


- As operacións correntes orixinan a maior parte dos seus recursos, nos concellos, pero a porcentaxe non é tan elevada como nas deputacións, con 7 puntos porcentuais menos de porcentaxe que nos orzamentos das deputacións (99,1%). No orzamento consolidado das Entidades locais galegas a porcentaxe queda no 94,6%.
- os recursos procedentes de ingresos de capital teñen maior presenza nos orzamentos dos concellos: un 6% fronte ao 0,4% nas deputacións. O dato do orza-

mento consolidado das EELL queda no 3,7% de ingresos por transferencias de capital e alleamento de investimentos reais.

- o mesmo coas operacións financeiras, coas que estiman ingresar o 1,9% do total dos seus recursos nos orzamentos municipais mentres que nas deputacións non chegan ao 1%, reflectindo o orzamento consolidado o 1,7% de recursos procedentes de variacións de activos e pasivos financeiros.




No gráfico seguinte visualízanse os ingresos tributarios e as transferencias correntes que son as compoñentes da estrutura de ingresos con maior presenza. É significativa a achega que no caso dos orzamentos provinciais teñen as transferencias correntes.




Ao comparar as estruturas orzamentarias (de concellos, deputacións e consolidado de entidades locais) a un maior nivel de desagregación, as diferenzas son máis acusadas, xa que os dous agregados de ingresos de maior peso porcentual en ambas estruturas son os mesmo pero con resultados diferentes.

- os ingresos tributarios para o conxunto de orzamentos dos concellos galegos representan máis da metade dos seus recursos, achegando o 55% do total, fronte ao 21% das facendas provinciais. No orzamento consolidado das entidades locais o agregado de ingresos de natureza tributaria representa tamén máis da metade dos recursos, cunha porcentaxe do 51%.
- Sen embargo as transferencias correntes teñen un peso menor nos orzamentos municipais, nos que o capítulo IV representa o 37% do total de ingresos, fronte ao 78% nos orzamentos das deputacións provinciais. No orzamento consolidado das entidades locais galegas a porcentaxe na estrutura de ingresos queda no 43%.

No gráfico seguinte se aprecian os agregados que menor achega representan nos orzamentos das entidades locais galegas, para poder reflectir mellor as diferenzas, entre os orzamentos dos diferentes entes locais, municipais e provinciais e outras entidade locais. Compróbase así que é nos concellos onde os ingresos por operacións de capital teñen máis presenza, representando o 6% do seu total de ingresos; fonte ao esquema do orzamento de ingresos nas deputacións no que estes tres agregados teñen un peso porcentual de 0,2%, 0,4% e 0,0%.



Outro apunte que pode resultar interesante estriba na comparativa da estrutura de ingresos das facendas provinciais galegas co valor nacional, obtido dos datos provisionais do Ministerio de Hacienda, do que se extraen as seguintes liñas principais:



- os ingresos por operacións correntes son o de maior agregado de ingresos, non reflicten un dato tan elevado a nivel nacional como en Galicia, o que significa que as outras dúas variables teñan máis peso.
- así, no dato nacional o total de operacións correntes representa o 88% do total de recursos das facendas provinciais, as operacións de capital, achegan case ao 5% do orzamento e as operacións financeiras, representan o 8% do total dos orzamentos de ingresos.
- Das operacións de capital case a totalidade son as transferencias para investimentos de capital (capítulo VII) e no relativo aos dous capítulos que forman o agregado de operacións financeiras, dicir que ambos achegan unha porcentaxe similar ao total de ingresos.
- Ademais, os ingresos tributarios, teñen unha representación maior na estrutura de ingresos das facenda a nivel nacional, xa que representan o 28% do total de ingresos (7 puntos porcentuais máis que en Galicia), mentres que polo contrario, o capítulo IV de transferencias correntes, non ten un peso tan elevado como en Galicia, aínda que tamén é o capítulo de maior peso relativo na súa estrutura de ingresos, co 59%.
- Nos datos de orzamentos das deputacións a nivel nacional non se tiveron en conta os orzamentos do País Vasco pola diferente normativa fiscal.


### III.2. VARIABLES DE INGRESOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL

Como resumo dos principais agregados de ingresos do orzamento inicial de 2018, expresados en termos de euros por habitante, sinálanse as seguintes características:

○ **total de ingresos** consignados ascende a 183,5 euros por habitante, 3,8 euro máis ao dato de 2017, ocasionado polo lixeiro incremento da cifra de ingresos e polo descenso poboacional. Como en anos anteriores os datos dos orzamentos das dúas provincias menos poboadas son maiores ca media de Galicia, superándoa amplamente, con 238,6 e 261,1 €/habitante respectivamente para Lugo e Ourense.

○ importe en termos de euros por habitante na deputación de Lugo sufriu unha diminución, sendo 2,6 euros menos o total de ingresos por habitante deste ano 2018 ao consignado no orzamento inicial de 2017.

○ dato da Coruña é o menor dos catro, e reflicte un aumento de 2,3 euros máis que o dato de 2017, ao reflectir unha alza a súa cifra de ingresos e o de Pontevedra incrementase nunha cifra de 4,8 respecto á do ano anterior.




A composición dos ingresos en termos per cápita resúmese do seguinte xeito:

Na cifra de **ingresos tributarios** obsérvase que houbo un incremento de 1,4 euros para a media de Galicia en 2018 respecto a 2017, ata os 38,3 euros per cápita. Debido ao ascenso de todas as deputacións..O dato de ingresos tributarios por habitante para o orzamentos de Pontevedra é similar ao da media de Galicia, situándose os da Coruña e Lugo lixeiramente por debaixo e o de Ourense por enriba.

Como xa se viu os ingresos de natureza tributaria teñen as porcentaxes máis elevadas nos orzamentos da Coruña e Pontevedra, ao redor do 23%, mentres que os doutros orzamentos provinciais, son de 19,2% e 17,7%.

**VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCIERAS  
ANO 2018 INGRESOS**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos Totais (IT)	159,9	238,6	261,1	166,6	183,5
Ingresos Tributarios (I+II+III)	37,4	37,2	42,4	38,5	38,3
% ITR / IT	23,4%	15,6%	16,2%	23,1%	20,9%
Transferencias Correntes (IV)	121,9	199,5	214,1	124,7	142,9
% TC / IT	76,2%	83,6%	82,0%	74,9%	77,9%
Operacións Correntes (I ao V)	159,5	237,1	257,2	164,0	181,7
% OC / IT	99,7%	99,4%	98,5%	98,4%	99,1%
Operacións de capital (VI+VII)	0,0	0,6	3,0	1,2	0,8
% TDC / IT	0,0%	0,3%	1,1%	0,7%	0,5%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	0,4	0,9	1,0	1,4	0,9
% IF / IT	0,3%	0,4%	0,4%	0,8%	0,5%



As **transferencias correntes**, capítulo IV, que é o capítulo de maior importe, presenta unha cifra de 142,9 € por habitante para a media de Galicia, 2,4 euros máis ca en 2017. Malia o descenso producido no orzamento de Lugo, este segue presentando un dos datos máis altos, que roldan os 200 euros por habitante, sendo Ourense o máis alto, 214,1 euros por habitante. Os datos das outras dúas provincias é menor, con 121,9 na Coruña e 124,7 nas provincias da Coruña e Pontevedra.



Lémbrese que este capítulo é o de maior presenza na composición dos ingresos das entidades provinciais, xa que máis das tres cuartas partes dos recursos das facendas provinciais de Galicia teñen a súa orixe nas transferencias correntes, nas que a partida máis importante é a participación nos tributos do Estado, que se ampliou aínda máis este ano.

A suma das variables anteriores máis o capítulo de ingresos patrimoniais, conforman o agregado de **ingresos por operacións correntes**, que presentan unha cifra media de 181,7 €/habitante, 3,6 euro máis ca en 2017, aínda que este conxunto de capítulos mantivo a súa cifra en valores absolutos. Como xa é habitual e como consecuencia do dito ata agora, os orzamentos das dúas provinciais con menor poboación son as que presentan valores por encima da media, con 237,1 e 257,2 euros por habitante respectivamente de Lugo e Ourense. Os da Coruña e Pontevedra están por debaixo e roldan os 160 €/habitante. Este dato incrementouse en todos orzamentos provinciais, sendo en Ourense onde se produce a maior subida.

As **operacións de capital**, capítulos VI e VII, que tiveron unha diminución en dous orzamentos: A Coruña e Lugo, sendo os casos de Ourense e Pontevedra os que medaron neste capítulo. Presentan un resultado medio de 0,8 euros per cápita, manténdose igual que en 2017. Os valores oscilan entre os 3 euros por habitante no orzamento de Ourense aos 0,0 euros do orzamento coruñés.

A porcentaxe sobre o total de ingresos é do 0,5% para a media de Galicia e soamente no orzamento ourensán se supera o 1%.


Por último nesta táboa, as **operacións financeiras** (capítulos VIII e IX), presentan a mesma porcentaxe que as operacións de capital, para a media de Galicia o importe é de 0,9 euros por persoa, oscilando entre 0,4 euros por habitante na Coruña e 1,4 en Pontevedra.

### III.3. EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2013-2018

De seguido preséntase unha síntese da senda que reflicten os orzamentos iniciais das deputacións galegas nos últimos 6 anos, do ano 2013 ao 2018, referida ao total de recursos consignados e aos ingresos tributarios.

Tras o contexto global de crise e recesión económica que tiña provocado unha diminución nos recursos das facendas provinciais, obsérvase que desde o ano 2013 en termos xerais os orzamentos provinciais experimentan unha traxectoria crecente e constante, para o total das catro deputacións, agás o lixeiro descenso do ano 2017.

Como se pode observar foi o ano 2018 o de maior valor da cifra orzamentaria, con 495,6 millóns de euros, superior en 37,2 millóns á cifra do ano 2013 e 16,8 máis que a media destes 6 anos, que se sitúa para o conxunto dos 6 orzamentos en 478,8 millóns de euros.




O resultado da evolución desta serie ofrece os seguintes trazos: o orzamento lucense presenta taxas negativas en 2014, 2017 e 2018. O orzamento de Pontevedra tivo un crecemento xeral ao longo desta serie salvo no ano 2014 que tivo unha diminución do 1,4%. O único orzamento que tivo crecementos todos os anos deste período foi o da Coruña, cun resultado dunha taxa de crecemento interanual do 2,7% pasando dos 156,7 millóns de 2013 ao 179,0 de 2018, do que se deduce que o crecemento dos 37,2 millóns no conxunto das catro deputacións foi debido, sobre todo, ao crecemento do orzamento coruñés. Por último no orzamento de Ourense houbo unha taxa media de incremento anual do 4%, sendo negativa a taxa do ano 2017 (-2,9%).


TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Incremento interanual medio
A Coruña	156,7	157,6	171,3	175,6	176,5	179,0	2,7%
Lugo	86,7	82,2	83,9	83,9	80,4	79,0	-1,8%
Ourense	66,5	73,8	77,4	79,5	77,1	80,7	4,0%
Pontevedra	148,6	146,5	148,6	152,1	152,5	156,9	1,1%
<b>Galicia</b>	<b>458,4</b>	<b>460,1</b>	<b>481,2</b>	<b>491,0</b>	<b>486,6</b>	<b>495,6</b>	<b>1,6%</b>

En canto aos importes do total de ingresos obsérvase que os orzamentos das provincias máis poboadas, Coruña e Pontevedra, son as que reflicten os maiores importes, case o dobre da cifra das de Lugo e Ourense.




Ao observar a evolución do total de ingresos por habitante, compróbase que a tendencia de crecemento é similar á comentada para os valores absolutos, tendo en conta que ademais houbo un descenso poboacional no período. Para a media de Galicia pasouse de 162,8 euros por habitante en 2013 a 183,5 do ano 2018.



Ao describir a traxectoria de cada un dos orzamentos provinciais en termos per cápita, o primeiro que se observa é a existencia de dous grupos, como no total de ingresos en termos absolutos, aínda que neste caso, os valores máis altos corresponden aos orzamentos das provincias menos poboadas, Lugo e Ourense.


No caso lucense pasou de ser a cifra máis alta da serie con 261 euros por habitante en 2013 a presentar 241,2 en 2018, cifra superada polo resultado de dividir o orzamento pola poboación en Ourense, onde se pasou de 216 a 261,1 euros por habitante.

Os resultados en Coruña e Pontevedra fluctuaron entre 138 euros/habitante no ano 2013 en Coruña aos 159,9 de 2018. En Pontevedra, no ano 2013 acádase un valor de 160 euros por habitantes e no ano 2018 o valor ascende a 166,6 euros.




A evolución da cifra de **ingresos tributarios** (impostos directos, indirectos e máis as taxas, prezos públicos e outros ingresos) presentou un crecemento nos anos do período 2013-2018 de maior intensidade ca o total de ingresos, presentando unha taxa de crecemento medio interanual do 3,6% para o total das catro deputacións. O primeiro ano da serie apenas presenta variación, mais a partir dese ano houbo crecementos constantes ata a caída manifestada en 2017, incrementándose de novo en 2018.


A cifra medida para o total de Galicia oscilou entre os 86,8 millóns de euros de 2013 aos 103,6 de 2018.



Obsérvase, así mesmo que o crecemento destes ingresos foi máis elevado que o do total, o que provoca que a porcentaxe deste tipo de ingresos de natureza tributaria (capítulos de impostos directos, indirectos e taxas e outros) crecera lixeiramente nestes 6 anos do período observado, pasando de representar o 18,9% do total de ingresos en 2013 ao 20,9% de 2018.



A evolución de ambos agregados de ingresos reflíctese no gráfico seguinte:



As traxectorias da cifra de ingresos tributarios presentan diferencias entre uns orzamentos provinciais e outros, sendo o orzamento de Ourense no que se aprecia un maior crecemento, xa que pasou de ter a cifra máis baixa, con 8,3 millóns de euros en 2013 a 13,1 en 2018, reflectindo unha taxa media de incremento interanual do 9,5%. No orzamento de Lugo houbo un descenso do agregado de ingresos tributarios do 4,5% de media anual, de maior intensidade que o descenso na cifra orzamentaria, sendo a maior parte do descenso no exercicio de 2017, é provocado pola finalización do ingreso polo antigo hospital provincial. No ano 2018 prodúcese un lixeiro incremento do 5,5% no orzamento dos ingresos.


A cifra de ingresos tributarios consignada nos orzamentos iniciais da deputación da Coruña reflicte un incremento cunha taxa media do 5,7% superior á taxa de incremento do seu total de ingresos, e ademais é o orzamento que presenta a cifra máis alta.

### INGRESOS TRIBUTARIOS

Millóns de euros


	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Inc. Interanual medio
<b>A Coruña</b>	31,7	31,3	39,0	41,0	40,0	41,9	5,7%
<b>Lugo</b>	15,6	15,6	16,7	16,1	11,7	12,3	-4,5%
<b>Ourense</b>	8,3	8,3	13,8	14,1	13,1	13,1	9,5%
<b>Pontevedra</b>	31,2	31,2	34,3	34,0	35,3	36,3	3,1%
<b>Galicia</b>	<b>86,8</b>	<b>86,3</b>	<b>103,8</b>	<b>105,2</b>	<b>100,1</b>	<b>103,6</b>	3,6%

Finalmente en Pontevedra a traxectoria foi de crecemento continuado agás no ano 2016 onde se produciu un leve descenso do 0,8%. O resultado da variación entre os anos extremos da serie foi dun crecemento interanual a unha taxa media do 3,1%.



Ao ter en conta o tamaño poboacional, obsérvase que no ano 2018 a cifra de ingresos tributarios por habitante rolda os 40 euros en todas as deputacións, situación que non se observaba en anos anteriores.

No orzamento lucense obsérvase que entre 2013 e 2016 estes ingresos por habitantes foron maiores que no resto de deputacións. A caída resitrada en 2017 igualou este concepto coas demais deputacións.



O orzamento de Ourense foi o de menor cifra no dous primeiros anos 2013 e 2014, a partir dese exercicio, presenta unha importante evolución á alza, superando os dato dos orzamentos das restantes provincias. Finalmente no ano 2018, o de maior importe desta variable en termos de euros per cápita .

Os cambios para a serie da Coruña foron menos acusados, aínda que tamén mostrou un crecemento en todos os anos da serie, agás en 2017. O dato de Pontevedra manifes-

---

tou descensos nos dous primeiros anos, aínda que partía da segunda cifra máis alta das catro deputacións.



### III.4. INTRODUCCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN

A continuación descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de ingresos de cada unha das deputacións provinciais, coa seguinte secuencia de datos expresivos das principais variables orzamentarias:

- En primeiro lugar, descríbese nunha mesma páxina a estrutura básica dos ingresos, unha táboa sintética que recolle os importes de operacións correntes e de capital, que conforman os ingresos non financeiros; e as súas porcentaxes respecto do total. Así mesmo figuran os gráficos de distribución dos diferentes compoñentes de ingresos.
- En segundo lugar, figura a táboa comprensiva do orzamento inicial 2018, e a comparación co orzamento do ano 2017. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de ingresos nestes dous últimos anos.




### III.4.1. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA




DEPUTACIÓN DA CORUÑA  
ORZAMENTO DE INGRESOS

(euros)

CAPITULOS	2017		Increm. % Interanual	2018	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>					
I. Impostos Directos	16.554.059	9,4%	1,8%	16.849.442	9,4%
II. Impostos Indirectos	14.253.765	8,1%	2,4%	14.600.218	8,2%
III. Taxas e Outros ingresos	9.216.442	5,2%	13,3%	10.439.338	5,8%
<i>Ingresos tributarios</i>	40.024.266	22,7%	4,7%	41.888.998	23,4%
IV. Transferencias Correntes	135.782.240	76,9%	0,4%	136.365.949	76,2%
V. Ingresos Patrimoniais	375.245	0,2%	-48,0%	195.054	0,1%
<b>Operacións correntes</b>	<b>176.181.750</b>	<b>99,8%</b>	<b>1,3%</b>	<b>178.450.000</b>	<b>99,7%</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	134.400	0,1%	-100,0%	0	0,0%
VII. Transferencias de Capital	0			0	
<b>Operacións de capital</b>	<b>134.400</b>	<b>0,1%</b>		<b>0</b>	<b>0,0%</b>
<b>Operacións non financeiras</b>	<b>176.316.150</b>	<b>99,9%</b>	<b>1,2%</b>	<b>178.450.000</b>	<b>99,7%</b>
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>					
VIII. Variación Activos Financeiros	198.850	0,1%	151,4%	500.000	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0			0	
<b>Total Operacións financeiras</b>	<b>198.850</b>	<b>0,1%</b>	<b>151,4%</b>	<b>500.000</b>	<b>0,3%</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>176.515.000</b>	<b>100%</b>	<b>1,4%</b>	<b>178.950.000</b>	<b>100%</b>




III.4.2. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO




DEPUTACIÓN DE LUGO  
ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPITULOS	2017		Increm. % Interanual	2018	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
	(euros)				
<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>					
I. Impostos Directos	5.286.416	6,6%	5,5%	5.579.254	7,1%
II. Impostos Indirectos	4.559.973	5,7%	2,5%	4.676.117	5,9%
III. Taxas e Outros ingresos	1.830.353	2,3%	12,9%	2.066.625	2,6%
<i>Ingresos tributarios</i>	11.676.742	14,5%	5,5%	12.321.996	15,6%
IV. Transferencias Correntes	66.842.058	83,1%	-1,1%	66.095.912	83,6%
V. Ingresos Patrimoniais	130.000	0,2%	-5,5%	122.882	0,2%
<b>Operacións correntes</b>	<b>78.648.800</b>	<b>97,8%</b>	<b>-0,1%</b>	<b>78.540.790</b>	<b>99,4%</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	0	0,0%	0,0%	0	0,0%
VII. Transferencias de Capital	1.479.285	1,8%	-86,4%	200.902	0,3%
<b>Operacións de capital</b>	<b>1.479.285</b>	<b>1,8%</b>	<b>-86,4%</b>	<b>200.902</b>	<b>0,3%</b>
<b>Operacións non financeiras</b>	<b>80.128.085</b>	<b>99,6%</b>	<b>-1,7%</b>	<b>78.741.692</b>	<b>99,6%</b>
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	
<b>Operacións financeiras</b>	<b>300.000</b>	<b>0,4%</b>	<b>0,0%</b>	<b>300.000</b>	<b>0,4%</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>80.428.085</b>	<b>100%</b>	<b>-1,7%</b>	<b>79.041.692</b>	<b>100%</b>




### III.4.3. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE





DEPUTACIÓN DE OURENSE  
ORZAMENTO DE INGRESOS

(euros)

CAPITULOS	2017		Increm. % Interanual	2018	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>					
I. Impostos Directos	4.300.000	5,6%	7,1%	4.605.000	5,7%
II. Impostos Indirectos	3.900.000	5,1%	3,3%	4.030.000	5,0%
III. Taxas e Outros ingresos	4.883.736	6,3%	-8,7%	4.458.461	5,5%
<i>Ingresos tributarios</i>	13.083.736	17,0%	0,1%	13.093.461	16,2%
IV. Transferencias Correntes	63.335.049	82,1%	4,5%	66.182.047	82,0%
V. Ingresos Patrimoniais	236.063	0,3%	-7,0%	219.512	0,3%
<b>Operacións correntes</b>	<b>76.654.847</b>	<b>99,4%</b>	<b>3,7%</b>	<b>79.495.020</b>	<b>98,5%</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	21.000	0,0%	0,0%	21.000	0,0%
VII. Transferencias de Capital	143.153	0,2%	522,4%	890.980	1,1%
<b>Operacións de capital</b>	<b>164.153</b>	<b>0,2%</b>	<b>455,6%</b>	<b>911.980</b>	<b>1,1%</b>
<b>Operacións non financeiras</b>	<b>76.819.000</b>	<b>99,6%</b>	<b>4,7%</b>	<b>80.407.000</b>	<b>99,6%</b>
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
<b>Operacións financeiras</b>	<b>300.000</b>	<b>0,4%</b>	<b>0,0%</b>	<b>300.000</b>	<b>0,4%</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>77.119.000</b>	<b>100%</b>	<b>4,7%</b>	<b>80.707.000</b>	<b>100%</b>



III.4.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA  
ORZAMENTO DE INGRESOS

(euros)

CAPITULOS	2017		Increm. % Interanual	2018	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
<b>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>					
I. Impostos Directos	12.720.533	8,3%	0,5%	12.783.136	8,1%
II. Impostos Indirectos	12.383.602	8,1%	2,7%	12.716.131	8,1%
III. Taxas e Outros ingresos	10.188.803	6,7%	5,6%	10.754.703	6,9%
<i>Ingresos tributarios</i>	35.292.938	23,1%	2,7%	36.253.970	23,1%
IV. Transferencias Correntes	114.648.611	75,2%	2,4%	117.438.841	74,9%
V. Ingresos Patrimoniais	960.750	0,6%	-26,3%	707.750	0,5%
<b>Operacións correntes</b>	<b>150.902.299</b>	<b>98,9%</b>	<b>2,3%</b>	<b>154.400.561</b>	<b>98,4%</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	300.500	0,2%	116,5%	650.500	0,4%
VII. Transferencias de Capital	0	0,0%	#DIV/0!	513.838	0,3%
<b>Operacións de capital</b>	<b>300.500</b>	<b>0,2%</b>	<b>287,5%</b>	<b>1.164.338</b>	<b>0,7%</b>
<b>Operacións non financeiras</b>	<b>151.202.799</b>	<b>99,1%</b>	<b>2,9%</b>	<b>155.564.899</b>	<b>99,2%</b>
<b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.307.401	0,9%	0,0%	1.307.401	0,8%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
<b>Total Operacións financeiras</b>	<b>1.307.401</b>	<b>0,9%</b>	<b>0,0%</b>	<b>1.307.401</b>	<b>0,8%</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>152.510.200</b>	<b>100%</b>	<b>2,9%</b>	<b>156.872.300</b>	<b>100%</b>

